



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O ATENEO
SANTIAGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS**

En Santiago de Compostela, na sede dos servizos centrais da Consellería de Cultura,
Educación e Ordenación Universitaria, **14 XUÑ. 2016**

REÚNENSE:

Dunha parte, Román Rodríguez González, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o que foi nomeado polo Decreto 15/2015, do 9 de febreiro de 2015, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, Salvador García-Bodaño Zunzunegui, na súa calidade de presidente da Asociación Ateneo Santiago (en adiante Asociación), con CIF G-70161096, actuando en nome e representación da entidade.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,





Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa promoción dentro e fora do noso país, coa organización de actividades que permitan un maior coñecemento dela.

O Ateneo Santiago é unha Asociación sen ánimo de lucro nacida para fomentar a participación activa da sociedade civil na vida cultural da cidade. Neste ano o Ateneo de Santiago leva a cabo as súas actividades culturais de acordo coa súa filosofía e fins que figuran nos seus Estatutos, como son:

A promoción e difusión da educación, a ciencia e a cultura no seu máis amplo sentido

A difusión, desenvolvemento e control do exercicio dos dereitos humanos, cívicos e sociais

A penetración dos valores democráticos nunha sociedade civil aberta e progresiva





A contribución á mellora do coñecemento dos grandes problemas que se orixinan no ámbito da globalización nos planos sociais, medioambiental, económico e político-institucional. Estas actividades están abertas a toda sociedade; realízanse a través do uso do idioma galego como lingua propia do Ateneo e coa intención de traballar en rede con outras institucións culturais, poñer en valor os recursos humanos de Compostela e servir de ponte entre a sociedade civil, os cidadáns, e as institucións educativas, especialmente a Universidade de Santiago, de cara á divulgación e a extensión do coñecemento

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a entregarlle ó Ateneo Santiago a cantidade total de 5.000 €, como contribución para a actualización de actividades culturais.

A cantidade de 5.000 € financiarase, con fondos propios, con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.432B.781.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2016.

O Ateneo Santiago ten prevista a realización de numerosas conferencias, como son a conferencia "Valle Inclán e a I Guerra Mundial: das trincheiras á literatura", a conferencia "Morte digna: a situación en Galicia", a conferencia-recital "España alla Rossini", "Contaminación Lumínica: o día en que perdemos o ceo", o "Reto do cancro na actualidade" e moitas outras. Tamén está previsto a realización de exposicións, e a partir do vindeiro mes de outubro o inicio do programa "Os Lúns do Ateneo" que comprenden numerosas conferencias de gran interese para a sociedade.





De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características por todo o labor cultural que aporta o Ateneo Santiago á sociedade en xeral. Por todo o anterior é o Ateneo Santiago o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura, para o ano 2016, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

SEGUNDA.- O Ateneo Santiago comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Os beneficiarios deberán dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.





TERCEIRA.- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a aboar a cantidade de 5.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.432B.781.1, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, código de proxecto 201500372.

No caso de que a Asociación solicite pagamentos anticipados segundo o disposto no artigo 63.1.2 do Regulamento de subvencións de Galicia, poderán concederse anticipos ata o 50% do importe da subvención concedida, que neste caso será de 2.500,00 € como máximo.

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevexa a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o artigo 65.4.i) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos non superen os 18.000 €.

No caso de que a Asociación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 30 de novembro de 2016.

A Asociación presentará a xustificación da subvención dentro do prazo establecido e incluírá a seguinte documentación:

Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.





Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterà:

Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento.

As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.

Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. (Anexo II do convenio).

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

Para que a consellería poida realizar os libramentos, a asociación deberá achegar unha declaración responsable de titularidade de conta bancaria (Anexo III do convenio).

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2016, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a Asociación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das





subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtivo sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

CUARTA.- O Ateneo Santiago deberá presentar declaración responsable, para proceder á sinatura do convenio e despois para o seu pagamento, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no artigo 11 do decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Anexo I do convenio.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

QUINTA.- A Asociación comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.





SEXTA.- Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo secretario xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e polo presidente do Ateneo Santiago

SÉTIMA.- O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.- As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o Ateneo Santiago acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.





NOVENA.- Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMA- O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2016, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2016.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e O presidente do Ateneo Santiago

Román Rodríguez González



Salvador García-Bodaño Zunzunegui